

ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓN S OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150”.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

#### INTERVENEN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Enrique Cabaleiro González, alcalde do Concello de Tui no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 5 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150” (TUI) E EXPEDIENTE DE EXPROPLACIÓN”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.*

*III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.*

*IV.- A Deputación tramitou unha solicitude de axuda para as actuacións obxecto do convenio ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000) e acolléndose á convocatoria publicada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) o 10 de xuño de 2022. Esta solicitude está na actualidade pendente de Resolución definitiva.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*



*PACTAN:*

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui para a execución do proxecto “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150” (TUI) E EXPEDIENTE DE EXPROPLACIÓN ”.*

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 5 de xullo de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electrónicamente a presente addenda e a un só efecto.*